

ACCÉSIT: Rita Vidal Gato

PSEUDÓNIMO: Quen Tiqueiras

A sorte

Era unha fría noite de inverno, e a xente ía máis abrigada que nunca. Sen embargo, a el semellaba non importarlle. Seguía alí plantado, impasible, en mangas de camisa. O forte vento obrigáballo a balancearse para manter o equilibrio no alto daquel imponente edificio acristalado. Á descalzo, e os dedos dos seus pés estaban dobrados sobre o borde de cemento, nun intento desesperado de evitar ese máis que precipitado final. O seu rostro irradiaba serenidade, e a súa mirada perdíase entre a xente, alá abaixo. As conversacións daqueles estraños, a maioría novos e despreocupados, chegaban distorsionadas aos seus oídos. Todos esperaban atopar diversión, esperanza naquel edificio onde as luces, as cores e os berros inundaban o ambiente, quizais un tanto atemporal. Un edificio onde el, máis ben cedo que tarde, o acabara perdendo todo. Todos estaban seguros de cruzar aquelas portas coa fortuna do seu lado. El estaba seguro de que, igual que lle sucedera a el mesmo anos atrás, nas mentes daqueles descoñecidos se repetía unha e outra vez a mesma frase: “Eu teño sorte”. Todos estaban seguros diso. En cambio, co primeiro xiro da ruleta a situación cambiaba. Os roles quedaban invertidos. A partir dese momento, ¿es ti quen ten sorte, ou é a sorte a que te ten a ti? A día de hoxe, el seguía sen sabelo. Por iso, quizais, estaba agora nesa situación. Para poñer fin ao desacougo, ou se non ao desacougo, polo menos á dor, ao tormento, á decepción, e sobre todo, ao sufrimento dos que o querían. Cerrou os ollos e respirou profundamente, revivindo na memoria unha infancia malvivida e tamén desaproveitada. Recordou que cando era neno estaba convencido de ter súper poderes. Estaba completamente seguro de que si o intentaba, voaría. Desafortunadamente, as continuas reprimendas da súa nai fixeron que nunca chegara a confirmalo, e agora, só naquela azotea, a situación presentábaselle como a mellor para averigualo.

Se o conseguía, volvería á casa con algo do que a súa familia se podería sentir orgullosa, en lugar da vergonza habitual. Se non, tan só acabaría co sufrimento. Co propio, e co dos seus. Sería a primeira vez en moitos anos que fixera algo bo pola súa muller e os seus fillos. Pasara o que pasara, todos ían saír gañando. Entón, inspirou profundamente e saltou. Saltou cara o frío vento da noite, cara os soños rotos, o pranto da súa familia, una enfermidade mal curada, unha ludopatía non admitida. Saltou cara o descanso, cara a morte. Saltou cara o final.